



Docente da materia:
Ana Garnelo Calvo



GUÍA DIDÁCTICA - ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

MÓDULO 1: ESA SEMIPRESENCIAL (Mañá)

E.P.A. EDUARDO PONDAL. CURSO 2024-25

MATERIAIS E RECURSOS

1. Unidades didácticas 1, 2, 3 e 4 (guías didácticas do ámbito de comunicación)

Imprescindible traelas á aula.

Accédese a elas na páxina Web da Xunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/7453>.

Na biblioteca do centro existen copias en papel e dixitalizadas.

2. Libros de lectura

- Galego: **Cando petan na porta pola noite**, Xabier P. Do Campo
- Castelán: **La nieta del señor Linh**, Philippe Claudel ou **Paradero Desconocido**, Kressman Taylor. (A ESCOLLER)

3. Aula Virtual do Centro

UNIDADES DIDÁCTICAS

1. Unidade didáctica 1: “Comunicación oral”

1.1 A comunicación e os signos

- 1.1.1. Elementos da comunicación e función da linguaxe
- 1.1.2. Linguaxe, lingua e fala: a comunicación oral e a escrita
- 1.1.3. A lingua formal e informal: as normas de cortesía

1.2. Clasificación dos textos orais

- 1.2.1. Textos orais informais: a conversa espontánea
- 1.2.2. Textos orais dos medios de comunicación
- 1.2.3. Textos orais formales monologados e dialogados

1.3. As familias lingüísticas e as nosas linguas

- 1.3.1. As linguas de Europa
- 1.3.2. O galego-portugués e os países da lusofonía
- 1.3.3. As linguas do Estado español
- 1.3.4. A normalización da lingua galega



2. Unidade didáctica 2: “Gramática da lingua”

- 2.1. O alfabeto. Grafías e fonemas. A sílaba
 - 2.1.1. O alfabeto
 - 2.1.2. Sistema vocálico e consonántico do galego
 - 2.1.3. A sílaba. Ditongos, tritongos e hiatos
- 2.2. Acentuación, ortografía, puntuación
 - 2.2.1. Acentuación
 - 2.2.2. Ortografía
 - 2.2.3. Uso de maiúsculas e minúsculas
 - 2.2.4. Normas de puntuación. Uso do punto e a coma
 - 2.2.5. O procesador de textos e os correctores ortográficos
- 2.3. Morfoloxía, sintaxe, semántica
 - 2.3.1. Morfoloxía: as categorías gramaticais substantivo, adxectivo, determinante
 - 2.3.2. Introducción á sintaxe
 - 2.3.3. Relacións de significado entre palabras. Sinonimia, antonimia e polisemia

3. Unidade 3: “Comunicación escrita”

- 3.1. A procura de información e as técnicas de estudo
 - 3.1.1. Técnicas de estudo
 - 3.1.2. O resumo, o esquema, o subliñado, os mapas conceptuais
 - 3.1.3. O parágrafo. Ideas principais e secundarias
 - 3.1.4. A procura de información: dicionarios, revistas, enciclopedias, motores de busca
 - 3.1.5. Traballos académicos
- 3.2. Tipos de textos
 - 3.2.1. Textos da vida cotiá
 - 3.2.2. Textos dos medios de comunicación
 - 3.2.3. Os textos prescriptivos ou instrutivos
 - 3.2.4. A publicidade
- 3.3. A redación de textos
 - 3.3.1. Técnicas de redación de textos. Coherencia, cohesión e adecuación

4. Unidade 4: “Educación literaria”

- 4.1. Introducción aos xéneros literarios

- 4.2. A lírica
 - 4.2.1. O poema: a métrica e a rima. As estrofas
 - 4.2.2. Principais recursos literarios
 - 4.2.3. Principais subxéneros líricos
- 4.3. Introdución aos textos narrativos
 - 4.3.1. Principais subxéneros narrativos
 - 4.3.2. A narrativa breve
- 4.4. O xénero teatral. O espectáculo teatral
 - 4.4.1. Características dos textos dramáticos
 - 4.4.2. A representación
 - 4.4.3. Breve evolución da escena ao longo da historia

DESENVOLVEMENTO E TEMPORALIZACIÓN

- **Horarios:** Luns, 17.30-19.00 ou xoves, 12:25-13:45 (Aula 3.2)
- **Atención ao alumnado:** Luns, 16:45-17:30 e xoves, 10:00-11:30 ou Contacto a través da Aula Virtual
- **Temporalización:**

	1º ESA Presencial (Mañá)
UNIDADE 1	Aprox. 22 sesións
UNIDADE 2	Aprox. 22 sesións
PARCIAL 1	Aprox. mediados de novembro (data a concretar co alumnado)
UNIDADE 3	Aprox. 22 sesións
UNIDADE 4	Aprox. 21 sesións
PARCIAL 2	Aprox. mediados de xaneiro (data a concretar co alumnado)
EXAME FINAL ORDINARIO	Do 26 ao 30 de xaneiro (data a concretar polo centro)
EXAME FINAL EXTRAORDINARIO	Do 23 ao 25 de marzo (data a concretar polo centro)

CONTIDOS MÍNIMOS

- A comunicación oral e escrita: elementos e funcións da comunicación; tipoloxías textuais; propiedades textuais; produción de textos orais e escritos.
- Sociolingüística: territorio da lusofonía, linguas da Península Ibérica.

Docente da materia:

Ana Garnelo Calvo



- Lingua: as vogais e as consoantes; ditongos e hiatos; acentuación e puntuación; ortografía (maiúsculas, uso de b/v, s/x); morfosintaxe (substantivo, adxectivo, determinantes).
- Literatura: xéneros literarios, recursos literarios.

CRITERIOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Os **criterios de avaliación** son os seguintes:

- Diferenciar os elementos que interveñen na comunicación.
- Recoñecer diferenzas entre comunicación oral e escrita.
- Utilizar a lingua con corrección.
- Valorar o plurilingüismo como riqueza cultural da humanidade.
- Compoñer textos sobre temas de interese social.
- Obter información empregando as TIC.
- Mellorar a capacidade da expresión oral e escrita.
- Ler textos en voz alta.
- Empregar dicionarios, correctores ortográficos, procesadores de textos.
- Apreciar a literatura.
- Mellorar a competencia léxica e ortográfica.
- Distinguir textos segundo a intención comunicativa.
- Diferenciar tipoloxías textuais.
- Recoñecer os principais recursos literarios.
- Diferenciar os distintos xéneros literarios.

Os **procedementos e instrumentos de avaliación** son os seguintes:

- A **nota** do ámbito de comunicación farase a partires destes elementos:
 - **Probas escritas (exames de contidos): 70% (35% por parcial/70% exame final ordinario)**
 - **Probas de lectura: 10% (5% por cada lectura).** As probas de lectura consistirán en preguntas abertas relacionadas coas lecturas propostas pola guía didáctica.
 - **Traballo continuado do alumno: 20%** (realización de traballos, tarefas e exercicios).
- Exames: parciais, final ordinario e final extraordinario.



As **datas** exactas dos exames parciais concretaranse con cada un dos grupos (mañá e tarde); as datas dos exames final ordinario e extraordinario serán fixadas polo Equipo Directivo. Os exames escritos seguirán a **estrutura** establecida polas unidades didácticas (**galego/castelá**; lingua e literatura).

Terán dereito á avaliación continua e, polo tanto, a exames parciais, avaliación do traballo continuado e de probas de lectura, aqueles alumnos que asistan con regularidade ás clases. Se a media dos exames parciais é igual ou superior a 5, o alumno quedará exento de presentarse ao exame final do cuadrimestre. De non ser así, o alumno, agás casos excepcionais suxeitos ao criterio do profesorado, deberá presentarse ao exame ordinario con toda a materia do cuadrimestre, independentemente de que aprobara previamente algún dos parciais. Ademais, a media non se fará se algunha das partes ou dos exames parciais é inferior a 3.

Haberá **unha proba extraordinaria** para os estudantes que non superen o ámbito de comunicación en febreiro, no mes de abril, e outra para os que non superen o ámbito de comunicación en maio, no mes de xuño.

En todas as probas e traballos escritos demandarase un mínimo de **corrección ortográfica** e por iso penalizarase a súa ausencia con **-0,01 puntos por cada falta non repetida**. Do mesmo xeito, na corrección das probas terase en conta a **presentación, a coherencia e a cohesión**. Poderase chegar a restar ate un máximo d**un punto e medio na nota final da proba** polos erros aquí indicados.